

Lingua e literatura galega.

Unidade 10

IES Lamas de Abade
Curso 2023 / 2024

Contexto histórico estatal

- Restauración borbónica 1874 - 1931 (Afonso XII e Afonso XIII)
 - Ditadura de Primo de Rivera (1923 - 1930)
- II República (1931 - 1939)
- Guerra civil (1936 - 1939)

Contexto histórico galego

- **Provincialismo** (unha serie de intelectuais que protestan contra a tiranía do centralismo e o esquecida que estaba a terra galega polo goberno central)
- **Rexionalismo** (protestan contra o centralismo e o sistema caciquil)
 - **Agrarismo** (sindicato Acción Gallega, Basilio Álvarez)
- **Nacionalismo** (a partir de 1918, reivindicación de Galiza como nación diferente de España)

Os continuadores do século XIX.

- Manuel García Barros (Ken Keirades).
- Francisca Herrera Garrido.
- Gonzalo López Abente.

A literatura no tempo das Irmandades.

- Destaca a figura de **Ramón Cabanillas** en poesía.
- En narrativa destacan as figuras de **Castelao**, **Otero Pedrayo** ou **Vicente Risco**.
- En teatro volve destacar a figura de **Ramón Cabanillas**, mais tamén a de **Leandro Carré**.
- En ensaio trabállase sen descanso en materia política, histórica ou lingüística. **Antón** e **Ramón Vilar Ponte**.

A prosa das Irmandades. **Avances**

- Aparición do ensaio.
- Desenvolvemento da prensa: *A Nosa Terra*.
- Coleccións de narrativa: Céltiga ou Lar.
- Leandro Carré ou Xosé Lesta Meis.



BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

A Xeración Nós.

- A revista *Nós* (1920) terá un papel decisivo no desenvolvemento da literatura, do ensaio e da arte de preguerra.
- As orixes sitúanse no “Cenáculo ourensán”: Risco, Cuevillas ou Otero Pedrayo (snobs, elitistas, desvinculación co nacionalismo).
- Risco, Otero, Castelao (asunción e coñecemento da propia cultura).



A Xeración Nós.

- Gran formación intelectual.
- Gran vocación pedagóxica.
- Renovadores da prosa galega: diversificación da temática, novas técnicas narrativas, consolídase o conto...



Grupo Nós. Risco

- Nace en Ourense, 1884.
- Amigo desde a infancia de Otero Pedrayo.
- Estuda Dereito e Maxisterio.
- Ingresa nas Irmandades no ano 1918.
- Un dos fundadores da revista *Nós*.
- Do desleixo ao compromiso nacionalista.




Grupo Nós. Vicente Risco

- Viaxa por Europa nos anos 30.
- Ideoloxicamente, neste período móvese entre a dereita e a esquerda.
- A mediados de 1936 pasa definitivamente ao bando da Dereita galeguista.
- A partir de aí renuncia á creación en galego.



Grupo Nós. Risco. Obra literaria


- "Do caso que lle aconteceu ó Dr. Alveiros" (1919)
- "O lobo da xente" (lobishome)
- "A trabe de ouro..." (celtas e mouros)
- "A Coutada"(inadaptación ao mundo urbano)
- *O porco de pé* (1928)
- *Os europeos en Abrantes* (1929)



Grupo Nós. Risco. Obra literaria

-*O porco de pé* (1928):


- Don Celidonio, comerciante foráneo que se instala en Auria, onde ascende socialmente até converterse nun heroe local. O seu sistema de valores baséase no culto á utilidade e ao diñeiro.
- Critícase o materialismo da nova burguesía e a perda da galeguidade.
- Expón as causas da corrupción e o caciquismo.



Grupo Nós. Risco. Estilo


- *O porco de pé* (1928):

- Ironía
- Imaxes caricaturescas e paródicas
- Longas enumeracións
- Complicidade do / a lector / a



Grupo Nós. Risco. Obra ensaística

- *Teoría do nacionalismo galego* (1920). Ideario das IF, visibiliza os trazos diferenciais que lle dan a Galiza a categoría de **nación**.
- “Nós, os inadaptados” (1933). Exposición da evolución ideolóxica da súa xeración.
- *Mitteleuropa* (1934). Crónica de viaxes.
- *Leria* (1961). Ensaios xa publicados.



Grupo Nós. Otero Pedrayo

- Nace en Ourense, 1888.
- Amigo desde a infancia de Risco e Cuevillas.
- Estuda Dereito e Filosofía e Letras.
- Ingresa nas Irmandades no ano 1917.
- Un dos fundadores da revista *Nós*.
- Do desleixo ao compromiso nacionalista, convértese en deputado en 1931.




Grupo Nós. Otero Pedrayo

- Exilio interior que retoma en 1950.
- Participa da vida política e cultural: *Nós*, SEG, IF, PG...
- Narrativa, ensaio, teatro e poesía.



Grupo Nós. Otero Pedrayo. Obra literaria

- *Pantelas, home libre* (1925, ultratumba)
- *Os camiños da vida* (1928, varias xeracións de dúas casas fidalgas)
- *Arredor de si* (1930, novela psicolóxica)
- *Os contos do camiño e da rúa* (1932, fidalguía)
- *A romeiría de Xelmírez* (1934)





Grupo Nós. Otero Pedrayo. Obra literaria

- Novelas histórico-culturalistas: *A romeiría de Xelmírez*
- Novelas histórico-realistas: *Os camiños da vida*
- Novelas psicolóxicas: *Arredor de si*


Grupo Nós. Otero Pedrayo. Obra ensaística

- Estudos: *Ensaio histórico sobre a cultura galega*
- Guías: *Guía de Galicia, Pelerinaxes*
- Artigos xornalísticos




A Xeración Nós. Castelao

- Nace en Rianxo, 1886.
- A familia emigra a Arxentina, 1895.
- Volta a Galiza con 14 anos.
- Estuda Medicina.
- Participa nas IF desde 1916.
- Director artístico de *Nós* desde 1920.
- Convértese en deputado, 1931.



Grupo Nós. Castelao

- Campaña a prol do Estatuto de Autonomía, 1936.
- Vive en primeira persoa bombardeos.
- Resistencia democrática á ditadura desde o exilio.
- Exilio en Nova York e Bos Aires.
- En Bos Aires desenvolve diferentes proxectos culturais.
- Morre en 1950.



Grupo Nós. Castelao. Obra literaria


-Condición de artista plástico é indisociábel da súa faceta de escritor.

- Narrativa: *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922)

Cousas (1926-1929)

Retrincos (1934)

Os dous de sempre (1934)



Grupo Nós. Castelao. Obra literaria. Características

- Compromiso social
- Humor
- Intencionalidade moral
- Tipos populares: vella, pobre, mariñeiro...
- Non hai artificiosidade

Aprende, Xan



-Eu son Xan, o que votou por vostede
-¡Ah!... ¡Si! ¡Caramba! Si desea
algo vuelva mañana.


Grupo Nós. Castelao. Obra literaria

- Teatro: *Os vellos non deben de namorarse*
- Ensaio:

As cruces de pedra na Bretaña

As cruces de pedra na Galiza

*Sempre en Galiza (o autogobern
a defensa do idioma, o exilio...)*



A prosa das vangardas. Rafael Dieste


- Nace en Rianxo no ano 1899.
- Cursa a carreira de xornalismo.
- O seu compromiso co idioma non é tan estreito.
- Durante a GC participa das organizacións antifranquistas até que no ano 1939 se exilia en Buenos Aires, alí desenvolve numerosos proxectos editoriais.
- Dedícase á narrativa, ao teatro e ao xornalismo.



A prosa das vangardas. Rafael Dieste

- *Dos arquivos do trasno*, 1926 (ler prólogo):

- Mundo real ao lado do imaxinario.
- Elementos líricos e humorísticos.



VEÑA QUE XA QUEDA
POUCO PARA O NADAL.
MOITO ÁNIMO!